



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## **DECRETO DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** MEDIDAS DO CONCELLO DE CARRAL EN RELACIÓN COA EMERXENCIA DE SAÚDE PÚBLICA CAUSADA POLO VIRUS COVID-19 SUPERADA A 3ª FASE DA DESESCALADA PARA A TRANSICIÓN CARA A UNHA NOVA NORMALIDADE (7º DECRETO DA ALCALDÍA-02 DE XULLO DE 2020).

**EXPEDIENTE:** 2020/G003/000288

Logo de ditarse os meus decretos do 13 e do 16 de marzo para a adopción de medidas do Concello de Carral en relación coa emerxencia de saúde pública causada polo virus COVID-19.

Logo de ver, asemade, o meu decreto 193/2020, do 11 de maio, polo que resolvín proceder, dende o 13 de maio de 2020, á reapertura dos mercados tradicionais que desenvolven a súa actividade ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública (feira ou mercadillo), nos días en que se viñan realizando no Concello de Carral (4, 13 e derradeiro domingo do mes), nas condicións establecidas en tal decreto, de acordo coa Orden SND/399/2020, de 9 de mayo e, no que non se opoña a ela, ás condicións de celebración dos mercados fixadas no artigo 2, apartado 3 da Orde do 23 de marzo de 2020 da Xunta de Galicia.

Logo de ver o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (e as súas sucesivas prórrogas, a última das cales abrangue até as 00:00 horas do día 21 de xuño de 2020) , en especial, o establecido no texto vixente do seu artigo 7 con respecto á limitación da liberdade de circulación das persoas.

O Real decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, preveu, no seu artigo 5, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión do 28 de abril de 2020, determinaríase que quedasen sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma, segundo as decisións das Comunidades Autónomas (artigo 6) consonte criterios sanitarios e epidemiolóxicos, relativas á superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa Comunidade e, polo tanto, a súa entrada na “nova normalidade”. O Consello da Xunta de Galicia apreciou, en acordo do 13 de xuño de 2020, como autoridade sanitaria, que a Comunidade Autónoma de Galicia, estaba en condicións de superar a fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19 e, o Presidente da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 6.2 do Real decreto 555/2020, do 5 de xuño, dispuxo formalmente, mediante o seu decreto 90/2020, do 13 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 115 Bis, desa mesma data, a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19, e, polo tanto, a entrada na “nova normalidade”, con efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020.

En aplicación de todo o antedito, no Diario Oficial de Galicia nº 115, do 13 de xuño, publicouse a resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Logo de ver o meu decreto 261/2020, do 18 de xuño, polo que resolvín, entre outras cuestións, proceder, dende esa data, á reapertura dos Parques infantís, pistas polideportivas ao aire libre (incluída a de skate e excluídas as de tenis e pádel), e canchas de chave e, dende o 22 de xuño de 2020, do Pavillón polideportivo do Espiño, Campo municipal de fútbol *Borja Rodríguez Ans* e Galería municipal de tiro olímpico (segundo o protocolo establecido no anexo I da resolución) e da Biblioteca Municipal (segundo o protocolo establecido no anexo II da resolución).

Logo de ver, por outra banda, o meu decreto 272/2020, do 25 de xuño, polo que resolvín, entre outras cuestións, proceder, dende o 28 de xuño de 2020, á reapertura dos mercados tradicionais que desenvolven a súa actividade ao aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública (feira ou mercadillo), nos días en que se viñan realizando no Concello de Carral (4, 13 e derradeiro domingo do mes), cos postos habituais que contasen coa correspondente autorización do Concello, con suxeición ás condicións establecidas na normativa aplicable e nos protocolos e guías de boas prácticas que se indican no anexo á resolución.

Loigo de ver, asemade, a resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (publicada no DOG nº 126, do 27 de xuño de 2020), pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade

Sendo por tanto necesario que o Concello de Carral adopte no seu territorio as medidas que, dentro do seu ámbito de competencias, contribúan no devandito senso e, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1.da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e, en especial, as súas letras d) e m),

### RESOLVO

**1.- Proceder, dende o día 03 de xullo de 2020, á reapertura das seguintes instalacións municipais do Concello de Carral:**



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## **Piscina municipal**

**Ximnasio do complexo deportivo municipal (agás o spa, que permanecerá pechado até novo aviso).**

**Pistas de tenis**

**Pistas de pádel**

**Local de ensaio musical**

A utilización da **piscina municipal** haberá de rexirse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO I a este decreto (no que se transcribe o punto 3.24da Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (DOG 115, do 13 de xuño) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve)

A utilización do **ximnasio do complexo deportivo** haberá de rexirse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO II a este decreto (no que se transcribe o punto 3.20 da Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (DOG 115, do 13 de xuño) e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve)

A utilización das **pistas de tenis e de pádel** haberá de rexirse polo establecido nas disposicións aplicables a cada instalación no ANEXO I do meu decreto 261/2010, do 18 de xuño (publicado na páxina web do Concello no día do seu ditado, así coma no BOP da Coruña nº 94, do 25 de xuño de 2020.

A utilización do **local de ensaio musical** haberá de rexirse polo establecido nas disposicións aplicables no ANEXO III a este decreto (Medidas xerais da Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (DOG 115, do 13 de xuño) e da resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (publicada no DOG nº 126, do 27 de xuño de 2020) que a modifica, e o protocolo municipal do Concello de Carral que o desenvolve)

**2.-** Este decreto entrará en vigor dende a súa emisión e manterá a súa vixencia até novo aviso, en función das directrices que emitan as autoridades sanitarias e demais competentes segundo a evolución da situación. A utilización de cada unha das instalacións municipais abertas ao público haberá de axustarse, ademais, a toda a normativa que vaia ditando a Xunta de Galicia e a Administración Xeral do Estado que lles sexa aplicable e que modifique o establecido nos respectivos protocolos aprobados.

**3.-** Comunicar este decreto aos servizos municipais (que haberán de transmitirlo, pola súa banda, aos diferentes prestadores dos servizos afectados), e publicalo na páxina web do Concello de Carral, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e difundilo entre a poboación do municipio.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval

## ANEXO I

### PISCINA MUNICIPAL

**Punto 3.24 da Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade , pola que se dá publicidade Ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (DOG 115, do 13 de xuño)**

#### ***"3.24. Piscinas.***

*1.-As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do setenta e cinco por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa. Quedan exentas destas limitacións as piscinas unifamiliares de uso privado.*

*2.-Na utilización das piscinas procurarase manter as debidas medidas de seguridade e protección, especialmente na distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios.*

*3.-Nas zonas de estancia das piscinas establecerase unha distribución espacial para procurar a distancia de seguridade interpersoal entre os usuarios non conviventes, mediante sinais no chan ou marcas similares. Todos os obxectos persoais, como toallas, deben permanecer dentro do perímetro establecido, evitando contacto co resto de usuarios. Habilitaranse sistemas de acceso que eviten a acumulación de persoas e que cumpran coas medidas de seguridade e protección sanitaria.*

*4.-Recordaráselles aos usuarios, por medios de cartalaría visible ou mensaxes de megafonía, as normas de hixiene e prevención que se deberán observar, sinalando a necesidade de abandonar a instalación ante calquera síntoma compatible co COVID-19.*

*5.-Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalaría e*



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

*restauración, a prestación do servizo axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.”.*

## **Protocolo básico de actuación apertura da piscina municipal**

### **INTRODUCCIÓN:**

O obxecto do presente protocolo pretende establecer a metodoloxía para seguir pola propia administración, traballadores municipais e da empresa adjudicataria, e os usuarios para o uso para o uso, control E limpeza da piscina municipal de verán. Búscase establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

### **PREMISAS XERAIS DE SEGURIDADE:**

- 1.-Todas as instalacións deportivas municipais abrirán unha vez decretese e comunique dita apertura desde o concello de Carral.
- 2.-As instalacións ás que se refire este protocolo son: Piscinas Municipais de Verán e ou Ximnasio do Complexo Deportivo de Carral.
- 3.-Non se poderá acceder á instalación sen autorización municipal.
- 4.-A práctica da actividade física e deportiva, nas instalacións ao aire libre, poderá realizarse tanto de xeito individual como colectiva, pero sempre sen contacto físico, cun distanciamento social de 1,5 m.
- 5.-Con carácter xeral, non está permitido compartir ningún material de adestramento. Non caso de non ser posible, garantírase a presenza de elementos de hixiene.
- 6.-Na medida do posible, cada usuario deberá traer e levar o seu propio material.
- 7.-As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.
- 8.-Os usuarios deberán acudir ás instalacións ataviados da casa coa roupa e equipamentos deportivos precisos para a súa práctica, a excepción do calzado preciso para as piscinas, onde non poderán acceder con calzado de rúa.
- 9.-Os usuarios non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.
- 10.-Antes de entrar e ao saír da instalación deportiva, os usuarios deberán limpar as mans cos hidroxelos dispostos para tal fin na entrada do complexo deportivo.
- 11.-O uso das máscaras é obrigatorio durante o tempo de circulación e estancia nos espazos comúns das instalacións, non así durante a práctica deportiva aeróbica ou acuática.
- 12.-Cando os houbera, os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter as medidas de seguridade necesarias, preferiblemente ou distanciamento social.

### **CARACTERÍSTICAS DAS INSTALACIÓNS:**

As instalacións referidas este protocolo son as da piscina municipal de verán.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- 1.-A apertura ao público destas instalacións estímase entre o 3 de xullo e o 3 de setembro.
- 2.-Os espazos dispoñibles nesta instalación son un vaso de 25 x 12.5 metros e dunha praia circundante de máis de 600 m<sup>2</sup>
- 3.-O horario de apertura ao público da instalación será de luns a domingo de 12:00 a 21:00 horas.
- 4.-Non se establece unha limitación horaria para os usuarios.
- 5.-Os vestiarios e a piscina de chapoteo infantil permanecerán pechadas ao público.

## **AFOROS:**

- 1.-O aforo da piscina é de 75 persoas, non podendo atoparse dentro do vaso máis de 45 persoas á vez.
- 2.-Na zona de praia se demarcarán parcelas nas que se situarán os bañistas, non podendo alternar as nin cambialas durante a estancia do usuario na instalación.

## **MATERIAL E MEDIDAS DE PROTECCIÓN:**

### **MEDIDAS DE INFORMACIÓN AOS USUARIOS:**

- 1.-Na entrada das instalacións estarán expostas de forma clara e visible, as normas e recomendacións para o acceso, a estancia e a práctica deportiva nas piscinas.
- 2.-Periodicamente faranse recordatorios para o cumprimento destas normas a través do sistema de megafonía.
- 3.-O persoal do centro explicará, aclarará e lembrará estas normas aos usuarios durante a súa estancia nas instalacións.
- 4.-Os usuarios disporán dun teléfono ou correo electrónico de consulta das normas e recomendacións no que poderán aclarar calquera dúbida que lles xurda. Estes serán o 678 338 847 e o mail [complejo.deportivo@carral.es](mailto:complejo.deportivo@carral.es).

## **FORMACIÓN E INFORMACIÓN AO PERSOAL (MUNICIPAL E DA EMPRESA)**

- 1.-Antes da apertura da instalación ao público prevista para o día 3 de xullo, desde o departamento de Deportes levarase a cabo unha reunión informativa acerca das normas para seguir, as medidas de prevención adoptadas e as dúbidas que poden xurdir, coa empresa prestadora do servizo, os socorristas, o persoal de atención ao público e recepción, o persoal de mantemento, monitores, e calquera outra persoa ou departamento implicado na prestación deste servizo.

## **USUARIOS:**

### **PROCEDEMENTO DE ACCESO Á INSTALACIÓN:**

- 1.-O acceso á instalación por parte dos usuarios será por orde de chegada, ata completar o aforo. Unha vez chegado a este límite, non se permitirá o acceso a



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- novos usuarios ata que outros abandonen a instalación.
- 2.-Os usuarios deberán presentarse na recepción do complexo deportivo para o seu rexistro.
- 3.-Os usuarios virán previstos de máscaras e farán uso do hidroxel disposto na entrada da instalación antes de acceder a esta.
- 4.-Manterase sempre unha distancia de seguridade de 1,5 m entre os propios usuarios que esperen para acceder á instalación e entre os usuarios e os traballadores da mesma.
- 5.-Utilizarán a máscara durante todo o tempo de circulación e estancia nos espazos comúns e corredores da instalación.
- 6.-Accederán vestidos coa roupa que utilizarán dentro da instalación, non podendo usar os vestiarios para cambiarse.
- 7.-Non poderán acceder co calzado de rúa á praia da piscina, debendo poñerse chancletas antes de acceder á mesma, tal e como recolle a normativa autonómica.
- 8.-O pago de acceso á instalación efectuarase preferiblemente mediante tarxeta bancaria ou transferencia. Evitarase na medida do posible a cobranza en metálico.
- 9.-Fomentarase tamén a tramitación de abonados de verán como fórmula para evitar o diñeiro en metálico. A cada socio ou abonado entregaráselle unha tarxeta con tecnoloxía NFC coa que poderá acceder aos servizos da instalación.
- 10.-A entrega de documentación necesaria para a tramitación deste abonos farase de forma telemática, non aceptando documentación en papel.
- 11.-Para entrar ás piscinas os socios deberán pasar a tarxeta por lector habilitado. Os non socios deberán pagar a entrada con tarxeta ou transferencia bancaria.
- 12.-Os nenos menores de 12 anos non poderán acceder só a instalación. Deberán facelo acompañados dun adulto responsable que asegure o cumprimento da normativa aquí exposta.
- 13.-Os usuarios que accedan en grupo serán responsables do cumprimento da normativa vixente en materia sanitaria, lembrándolles que só os usuarios conviventes podes acceder xuntos e aos mesmas parcelas na praia da piscina.

### ESTANCIA E USO DA INSTALACIÓN:

- 1.-Os usuarios deberán cumprir en todo momento as normativas vixentes tanto en materia de sanidade e prevención do Covid-19 como das piscinas de uso colectivo.
- 2.-O incumprimento das devanditas normas supoñerá a expulsión do ou dos usuarios da instalación pola xornada, podendo, no caso de ser reincidente ou segundo a gravidade do incumprimento, prohibirille o acceso o resto do período estival á instalación.
- 3.-Cada usuario deberá permanecer na parcela da praia que se lles asigna, non podendo saír delas salvo para acudir ao vaso. Todos os útiles persoais dos usuarios (toallas, bolsas de praia, roupa, cadeiras, etc) deberán estar sempre dentro da súa parcela.
- 4.-En todo momento deberá manter a distancia interpersonal de 1,5 metros con



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

outros usuarios non conviventes.

5.-Dentro da praia os usuarios deberán moverse polos corredores sinalizados, non podendo invadir as parcelas doutros usuarios.

6.-O acceso ao vaso da piscina levará a cabo da seguinte forma:

a.-Os menores de 12 anos poderán acceder e saír polas escaleiras de obra.

b.-Os maiores de 12 anos deberán acceder por calquera das outras escaleiras.

7.-Dentro do vaso, os usuarios deberán respectar a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

8.-Non se poderá levar a cabo xogos, acrobacias ou calquera outra actividade que impida o respecto desta distancia interpersoal.

9.-Cada usuario deberá traer o seu propio material de natación ( Manguitos, burbullas, pull Boys, táboas)

10.-Non se prestarán nin alugarán as tumbonas ou material similar.

11.-Non estará permitido o uso de pelotas ou outros elementos de xogos, nin na praia nin na piscina, que sexan de uso compartido ou que poidan molestar a outros usuarios da instalación.

12.-Os socorristas ou calquera outro traballador da instalación poderá requiririlles ao usuarios o cumprimento destas normas cando as estivesen obviando.

13.-Os vestiarios estarán pechados ao uso público e só os baños se poderán utilizar en caso de urxencia.

14.-Os usuarios deberán utilizar as duchas exteriores da piscina antes de acceder ao vaso.

15.-O aforo da praia será dun máximo de 75 persoas simultaneamente distribuídos nas diferentes parcelas.

16.-O aforo da lámina de auga será de 45 persoas simultaneamente.

### PROCEDIMENTO DE SAÍDA DA INSTALACIÓN:

1.-Antes de saír os usuarios deberán recoller todas as súas pertenzas da parcela asignada.

2.-Recollerán calquera tipo de lixo que puideran xerar e depositarano as papeleiras habilitadas.

3.-Sairán da instalación sen usar os vestiarios, polos corredores indicados, sempre facendo uso da máscara.

4.-Ao marchar, deberán avisar ao socorrista e ao persoal da recepción.

5.-Sairán pola recepción da instalación, pasando a tarxeta polo lector NFC no caso dos socios, si ou avisando ao persoal a recepción aqueles que non o sexan. Desta forma poderá darse acceso a novos usuarios.

### MEDIDAS A ADOPTAR NAS INSTALACIÓNS:

#### PISCINA DE CHAPOTEO INFANTIL

1.-Debido ao aforo indicado de 4 m<sup>2</sup>/persoa establecido pola normativa sanitaria vixente, e pola imposibilidade dun uso adecuado e “normal”, a piscina de chapoteo infantil, permanecerá pechada este ano.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## VESTIARIOS

- 1.-Os vestiarios permanecerán pechados para os usuarios. Unicamente habilitaranse os baños para casos de urxencia
- 2.-As taquillas dos vestiarios non se poderán utilizar.

## ZONA TERMAL/SPA

- 1.-A zona termal e spa do complexo deportivo permanecerá pechada ata que se poida garantir o cumprimento da normativa sanitaria nesta zona.

## MÁQUINA DE VENDING:

- 1.-A máquina de vending rexeranse polo punto 2.4 da resolución do 12 de xuño da Xunta de Galicia sobre as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria causada polo Covid-19.

## MATERIAL E EQUIPAMENTO PROPIO DAS INSTALACIÓNS:

- 1.-Evitarase na medida do posible o uso do material da instalación, debendo traer o usuario o seu material e equipamento propio para o uso e goce da instalación deportiva.
- 2.-No caso de utilizar material ou equipamento da propia instalación, este deberá ser desinfectado despois de cada uso.

## MATERIAL E EQUIPAMENTO EXTERNO ÁS INSTALACIÓNS:

- 1.-Todo aquel material externo ás instalacións que facer que o usuario, non poderá ser compartido con ningunha outra persoa.

## LIMPEZA E DESINFECCIÓN:

### CONTROL DOS PARÁMETROS DA AUGA:

- 1.-O control dos parámetros e a calidade da auga levará a cabo de acordo coa normativa autonómica e estatal vixentes.

### HORARIOS DE LIMPEZA:

- 1.-A praia da piscina será limpada e desinfectada todos os días antes da súa apertura ao público.
- 2.-Polo menos 3 veces na xornada, durante o horario de apertura ao público, farase fincapé na limpeza de elementos de uso común e contacto frecuente como pomos de portas, varandas da piscina, pasamáns, etc.
- 3.-Unha vez pola tarde, durante o horario de apertura ao público, levará a cabo a desinfección mediante pulverizadores dos corredores comúns na praia, reixas de desaugadoiro, asentos, etc. todo isto primando a seguridade dos usuarios.
- 4.-As parcelas desinfectaranse despois de cada uso.

### CONTROL DOS AFOROS:

- 1.-O control do foro establecerase na recepción da piscina.
- 2.-Chegado ao aforo máximo da instalación impedirase a entrada de novos



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

usuarios ata que outros a abandonen.

3.-Cada usuario deberá dirixirse á parcela que se lle asigne na recepción. Os novos usuarios deberán ocupar as parcelas que quedaron vacantes.

## ANEXO II

### XIMNASIO DO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL

**Punto 3.20 da Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade , pola que se dá publicidade Ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (DOG 115, do 13 de xuño)**

#### ***“3.20. Actividade e instalacións deportivas.***

*1.-A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de vinte e cinco persoas de forma simultánea.*

*Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata vinte e cinco persoas, sen contacto físico, e sempre que non se superen os dous terzos da capacidade máxima permitida.*

*2.-Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.*

*3.-Cada instalación deportiva deberá publicar un protocolo para coñecemento xeral dos seus usuarios e que recollerá as distintas especificacións en función da tipoloxía de instalacións que, de ser o caso, poidan preverse nun protocolo básico aprobado polo Centro de Coordinación Operativa por proposta da Secretaría Xeral para o Deporte.*

*4.-Nas instalacións deportivas a actividade física e deportiva estará suxeita aos seguintes criterios xerais de uso:*

*a).-Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.*

*b).-As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.*



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

c).- Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.  
d).- Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, deberán limpase as mans cos hidroxeles que deberán estar dispoñibles nos espazos habilitados para o efecto.

e).- Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións ou, na súa falta, utilizar máscara.

f).- Utilizarase a máscara durante o tempo de circulación entre espazos comúns nas instalacións, salvo que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal.

5.- Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.  
”

### **Protocolo básico de actuación apertura do Ximnasio do Complexo deportivo municipal**

#### **INTRODUCCIÓN:**

O obxecto do presente protocolo pretende establecer a metodoloxía a seguir pola propia administración, traballadores municipais e da empresa adxudicataria e veciñanza para o uso, control e limpeza do ximnasio do complexo deportivo de Carral. Búscase establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

#### **PREMISAS XERAIS DE SEGURIDADE:**

- 1.- Todas as instalacións deportivas municipais abrirán unha vez decretese e comunique dita apertura desde ou concello de Carral.
- 2.- As instalacións ás que se refire este protocolo é o ximnasio do complexo deportivo de Carral.
- 3.- Non se poderá acceder á instalación sen autorización municipal.
- 4.- A práctica da actividade física e deportiva poderá realizarse tanto de xeito individual como colectiva, pero sempre sen contacto físico, e ata un máximo de vinte persoas de forma simultánea no ximnasio.
- 5.- Con carácter xeral, non está permitido compartir ningún material de adestramento. Non caso de non ser posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene.
- 6.- Na medida do posible, cada usuario deberá traer e levar o seu propio material, que deberá desinfectar ou ao finalizar cada sesión de adestramento.
- 7.- As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.
- 8.- Os usuarios deberán acudir ás instalacións ataviados da casa coa roupa e equipamentos deportivos precisos para a súa práctica.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- 9.-Os usuarios non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.
- 10.-Antes de entrar e ao saír dá instalación deportiva, os usuarios deberán limpar as mans cos hidroxelos dispostos para tal fin na entrada do complexo deportivo.
- 10.-Ou uso das máscaras é obrigatorio durante ou tempo de circulación e estancia nos espazos comúns nas instalacións, non así durante a práctica deportiva aeróbica.
- 1.-Cando os houbera, os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter as medidas de seguridade indicadas pola normativa sanitaria.

## CARACTERÍSTICAS DAS INSTALACIÓNS:

As instalacións referidas neste protocolo é a zona de ximnasio do complexo deportivo de Carral.

- 1.-A apertura ao público destas instalacións a partir do 3 de xullo.
- 2.-Os espazos dispoñibles para o uso público é unicamente a zona de ximnasio e os baños en casos de urxencia.
- 3.-O horario de apertura ao público da instalación será de luns a venres en horario de 9.00 a 15.00 h e de 16.30 a 22.00 h. Os sábados o horario será de 10.00 a 13.00 h. O sábado pola tarde e o domingo todo o día, o ximnasio permanecerá pechado ao público.
- 4.-Non se establece unha limitación horaria para os usuarios.
- 5.-Os vestiarios a zona de spa permanecerán pechadas ao público ata que se poida garantir a seguridade sanitaria dos usuarios.
- 6.-Os equipamentos de musculación, tonificación e traballo aeróbico, serán distribuídos pola zona do ximnasio e a sala de actividades para acadar a separación de 2 metros entre os usuarios.
- 7.-A sala de actividades abrirase para acoller parte das máquinas de musculación.

## AFOROS:

- 1.-O aforo da instalación quedará limitado a 20 persoas simultaneamente. En todo momento os usuarios deberán manter a distancia interpersonal de 1,5 m.

## MATERIAL E MEDIDAS DE PROTECCIÓN:

### MEDIDAS DE INFORMACIÓN AOS USUARIOS:

- 1.-No acceso a instalacións estarán expostas de forma clara e visible, as normas e recomendacións para o acceso, a estancia e a práctica deportiva no ximnasio.
- 2.-Periodicamente faranse recordatorios para o cumprimento destas normas a través do sistema de megafonía.
- 3.-O persoal do centro explicará, aclarará e lembrará estas normas aos usuarios durante a súa estancia en instalacións.
- 4.-Os usuarios disporán dun teléfono ou correo electrónico de consulta das normas e recomendacións no que poderán aclarar calquera dúbida que lles xurda. Estes serán o 678 338 847 e o mail [complexo.deportivo@carral.es](mailto:complexo.deportivo@carral.es).



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## FORMACIÓN E INFORMACIÓN AO PERSOAL (MUNICIPAL E DA EMPRESA)

1.-Antes da apertura da instalación ao público prevista para o día 3 de xullo, desde o departamento de Deportes levarase a cabo unha reunión informativa acerca das normas a seguir, as medidas de prevención adoptadas e as dúbidas que poden xurdir, coa empresa prestadoira do servizo, os socorristas, o persoal de atención ao público e recepción, o persoal de mantemento, monitores, e calquera outra persoa ou departamento implicado na prestación deste servizo.

## USUARIOS:

### PROCEDIMENTO DE ACCESO Á INSTALACIÓN:

- 1.-O acceso á instalación por parte dos usuarios será por orde de chegada, ata completar o aforo. Unha vez chegado a este límite, non se permitirá o acceso a novos usuarios ata que outros abandonen a instalación.
- 2.-Os usuarios deberán presentarse na recepción do complexo deportivo para o seu rexistro.
- 3.-Os usuarios virán previstos de máscaras e farán uso do hidroxel disposto na entrada da instalación antes de acceder a esta.
- 4.-Manterase sempre unha distancia de seguridade de 1,5 m entre os propios usuarios que esperen para acceder á instalación e entre os usuarios e os traballadores da mesma.
- 5.-Utilizarán a máscara sempre durante todo o tempo de circulación e estancia nos espazos comúns e corredores da instalación.
- 6.-Accederán vestidos coa roupa que utilizarán dentro da instalación, non podendo usar os vestiarios para cambiarse.
- 7.-O pago de acceso á instalación efectuarase preferiblemente mediante tarxeta bancaria ou transferencia. Evitarase na medida do posible a cobranza en metálico.
- 8.-Fomentarase tamén a tramitación de abonados de asociados como fórmula para evitar o diñeiro en metálico. A cada socio entregaráselle unha tarxeta con tecnoloxía NFC coa que poderá acceder aos servizos da instalación.
- 9.-A entrega de documentación necesaria para a tramitación dos abonos farase de forma telemática, non aceptando documentación en papel.
- 10.-Para entrar ao ximnasio os socios accederán polo corredor sinalado e pasar a tarxeta por lector habilitado. Os non socios deberán apagar a entrada con tarxeta ou transferencia bancaria.

### ESTANCIA E USO DA INSTALACIÓN:

- 1.-Os usuarios deberán cumprir en todo momento as normativas vixentes tanto en materia de sanidade e prevención do Covid-19 como das piscinas de uso colectivo.
- 2.-O incumprimento das devanditas normas supoñerá a expulsión do ou os usuarios da instalación pola xornada, podendo, no caso de ser reincidente ou segundo a gravidade do incumprimento, prohibirille o acceso o resto do período



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

estival á instalación.

3.-En todo momento deberá manter a distancia interpersoal de 1,5 metros con outros usuarios non conviven- tes.

4.-Dentro da instalación os usuarios moveranse, con máscara, polos corredores indicados.

5.-Cada usuario traerá a lo menos unha toalla que usará para colocar sobre a máquina na que vaia a traballar e/ou para limpar a suor. Sen este elemento non se poderá acceder ao ximnasio.

6.-Os usuarios accederán a instalación con calzado deportivo axeitado.

7.-Non se prestarán colchóns ou material similar, podendo cada usuario traer o seu propio material de adestramento.

8.-Os monitores ou calquera outro traballador da instalación poderá requiririlles o cumprimento destas normas cando as estivesen obviando.

9.-Os vestiarios estarán pechados ao uso público, e só os baños só poderán utilizar en caso de urxencia.

10.-O aforo da instalación será dun máximo de 20 persoas simultaneamente distribuídos nas diferentes estacións de traballo.

## PROCEDIMENTO DE SAÍDA DA INSTALACIÓN:

1.-Antes de saír os usuarios deberán recoller todas as súas pertenzas.

2.-Recollerán calquera tipo de desperdicio lixo que poderían sen xerar e depositarano as papeleiras habilitadas.

3.-Sairán da instalación sen usar os vestiarios polos corredores indicados, sempre facendo uso da máscara.

4.-Sairán pola recepción da instalación, pasando a tarxeta polo lector NFC no caso dos socios, si ou avisando ao persoal a recepción se non o son.

## MEDIDAS A ADOPTAR NAS INSTALACIÓNS:

### VESTIARIOS

1.-Os vestiarios permanecerán pechados para os usuarios. Unicamente habilitaranse Os baños para casos de urxencia

2.-Non se poderá utilizar as taquillas.

### ZONA TERMAL/SPA

1.-A zona termal e spa do complexo deportivo permanecerá pechada ata que se poida garantir o cumprimento da normativa sanitaria nesta zona.

### MÁQUINA DE VENDING:

1.-A máquina de vending rexeranse polo punto 2.4 da resolución do 12 de xuño da Xunta de Galicia sobre as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria causada polo Covid-19.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## **MATERIAL E EQUIPAMENTO PROPIO DAS INSTALACIÓNS:**

- 1.-Evitarase na medida do posible o uso do material da instalación, podendo traer o usuario o seu propio material preciso para o seu adestramento.
- 2.-No caso de utilizar material ou equipamento da propia instalación, este deberá ser desinfectado despois de cada uso.

## **MATERIAL E EQUIPAMENTO EXTERNO ÁS INSTALACIÓNS:**

- 1.-Todo aquel material externo ás instalacións que achegue o usuario, non poderá ser compartido con ningunha outra persoa.

## **LIMPEZA E DESINFECCIÓN:**

### **HORARIOS DE LIMPEZA:**

- 1.-O ximnasio e as zonas comúns do complexo deportivo serán limpados e desinfectados todos os días antes da súa apertura ao público.
- 2.-Polo menos 3 veces na xornada, durante o horario de apertura ao público, farase fincapé na limpeza de elementos de uso común e contacto frecuente como pomos de portas, pasamáns, etc.
- 3.-Despois de cada uso, as máquinas e elementos de musculación, tonificación e aeróbicas, serán desinfectados.
- 4.-O ximnasio manterase aireado na medida e o maior tempo posible, acadando así unha renovación de aire suficiente.

## **CONTROL DOS AFOROS:**

- 1.-O control do aforo establecerase na recepción do ximnasio.
- 2.-Chegado ao aforo máximo da instalación impedirase a entrada de novos usuarios ata que outros a abandonen.

## **ANEXO III**

### **LOCAL DE ENSAIO MUSICAL MUNICIPAL**

**Medidas xerais da Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade Ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (DOG 115, do 13 de xuño), e da resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (publicada no DOG nº 126, do 27 de xuño de 2020), pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias**



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)


### **para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade**

#### **Protocolo básico de actuación apertura do local de ensaio musical municipal**

O Local de N´Saio abrirá ao público nas seguintes condicións:

- 1.-O uso de esta instalación poderase facer a partir do venres 03 de xullo de 2020.
- 2.-O horario para o uso de esta instalación será de luns a venres, a partir das 16:00 h.
- 3.-Cada día so poderá facer uso da instalación un grupo musical ou de unha persoa que vaia a ensaiar de maneira individual.
- 4.-O servizo que se ofrece, e tan só o da aula de ensaio. É recomendable non usar o baño.
- 5.-A recollida das chaves do Local de N´Saio farase na Casa da Cultura en horario de 9:00 a 14:00 h. de luns a venres, ou no Centro Deportivo de luns a venres en horario de 9:00 a 14:30 e de 16:30 a 22:00. Para o que se deberá respectar as indicacións e os protocolos de medidas preventivas en cada unha de estas instalacións.
- 6.-O aforo queda fixado en 5 persoas.
- 7.-O uso da máscara é obrigatorio durante todo o tempo de permanencia nas instalacións sempre que non se poida gardar a distancia de seguridade de 2 metros.
- 8.-É obrigatorio a hixiene de mans á entrada do Local de N´Saio co hidroxel dispoñible no acceso a instalación.
- 9.-Cada usuario/a debera levar os seus instrumentos, na medida do posible.
- 10.-Non se poderá usar a aula de gravación, nin os instrumentos da aula en ensaio, coma tampouco os micrófonos e as baquetas. Si poderase usar os amplificadores, a batería, e a mesa de mezclas (para a que haberá que empregar guantes para o seu uso).
- 10.-Non se poderá pechar a porta da aula de ensaio.
- 11.-Debese respectar a sinalización e as indicacións que lle poidan dar os/as responsables das instalacións ou os empregados/as municipais.
- 12.-Cada membro do grupo ou persoa que de maneira individual, que cada día faga uso de esta instalación, deberá cubrir unha folla de rexistro que estará dispoñible na acceso o Local de N´Saio, co nome, apelidos, D.N.I. e sinatura, de cada un dos usuarios/as de dita instalación.
- 13.-Se os grupos ou persoas que usen o Local de N´Saio, cambian ou modifican o día de uso de dita instalación deberán comunicalo cunha antelación de 24 h. chamando o Local Interxeracional, ó telefono 981.11.70.20, ou a través dun correo electrónico a [omix@carral.es](mailto:omix@carral.es)
- 14.-A desinfección do local de N´Saio levarase a cabo todos os días de luns a venres pola mañá.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

FIRMADO POR Francisco Javier Gestal Pose (FECHA: 02/07/2020 12:50:00)

Decreto Nº: 287/2020 - Fecha de decreto: 02/07/2020

versión imprimible

CVD: JwWñhJM5Wedn1oqwpvcvg  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.